

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 18 de xaneiro de 2013
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás doce horas do día dezaoto de xaneiro do ano dous mil trece, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación. co fin de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Placido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Julio Pérez Carballo, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez e don Eladio Mangana Novoa, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, don Guillermo Fernández Dopazo, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, dona Mónica Vázquez Blanco e dona Victoria Morenza Doforno, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta pola Presidencia a sesión, convocada a pedimento dos deputados do Grupo Socialista, en escrito de data 7 de xaneiro de 2013, n.º de rexistro de entrada 466, ó abeiro do disposto no artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, procédese ó tratamento do asunto incluído na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

ÚNICO.- CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN SOBRE AS CONTRATACIÓNS DE PERSOAL DOS ÚLTIMOS VINTE (20) ANOS.-

O Sr. presidente manifesta que este asunto é unha iniciativa do Grupo Socialista, polo que lle cede a palabra ó Sr. Gómez Pérez, para que defenda a súa moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, en primeiro lugar quere dálle-la benvida ás persoas que se encontran hoxe no salón de plenos (afectados pola fraude das participacións preferentes), que están atravesando unha situación complexa por asuntos que xa se teñen debatido noutros momentos e pensa que é responsabilidade dos grupos políticos ó ser conscientes da gravidade dos feitos polos que están atravesando. Pide

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 18 de xaneiro de 2013
--

que conste en acta o apoio do Partido Socialista a estas persoas. Continúa dicindo que este Pleno se convocou por iniciativa do Grupo Socialista e espera que o debate, malia á súa dureza, se leve a cabo nun ton adecuado. O seu grupo estivo a preparar este pleno durante toda a semana, pero cada día espertan con novas informacións sobre a contratación de persoal desta Deputación, polo que o seu discurso pode quedar un pouco diluído. Hoxe mesmo, La Voz de Galicia publica unha información dun traballador da Deputación (do que o seu exsogro era alcalde do Partido Popular) na que di que *na Deputación de Ourense entramos todos igual de enchufados* (iso xa fala por si mesmo). Espera ser capaz de convencer á bancada popular de que a moción que presenta o Grupo Socialista é máis necesaria que nunca, por responsabilidade política. O Grupo Socialista quere comeza-la súa intervención no día de hoxe, subliñando unha cuestión fundamental. Ó longo destes días vimos asistindo a unha sucesión interminable de noticias negativas e vergoñentas para a imaxe desta institución e polo tanto para a de toda a provincia a nivel do estado español. Isto, por moito que o grupo de goberno intente matar ó mensaxeiro, sobre todo ó Partido Socialista, só ten un culpable, e ese culpable non é outro que a forma de dirixir esta institución e quen a dirixe non son outros que o grupo de goberno do Partido Popular. O Grupo Socialista vai intentar neste debate que esas cuestións sexan máis que evidentes. A pesar de que levan máis de vinte anos denunciando estas prácticas –que hoxe son noticia en toda España- ó seu grupo non lle sorprenden, pero polo feito de que non lles sorprendan non poden ser consentidas nin un só minuto máis. O Grupo Socialista ten claro que este Pleno é un órgano de debate de decisión política e por iso o que hai que facer é tomar decisións políticas. Por isto propoñen a creación dunha comisión de investigación da política de persoal desta institución que abranga os últimos vinte anos. Fan isto, aínda que son totalmente respectuosos cos procesos xudiciais e os seus tempos. Lembra que foi o Grupo Socialista o que tivo que recorrer á vía xudicial, non só porque se fixera caso omiso ás súas reiteradas denuncias públicas no ámbito estritamente político, senón por responsabilidade como oposición. Se o grupo de goberno e o seu presidente impiden a creación desta comisión, estarán dándolle máis razóns ó Partido Socialista para poñer en evidencia que non só tiñan razón para denunciar politicamente estas prácticas, senón incluso á propia xustiza, dado que quen non quere investigar estes feitos desde a política é porque ten que agochar algo ou porque ten moi malos asesores. Así, despois de ter

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 18 de xaneiro de 2013

escoitado que os socialistas son ruíns, malvados e o peor do peor, o Sr. presidente ten unha oportunidade de ouro para desmonta-las denuncias do Partido Socialista á política de contratación desta Deputación. O grupo de goberno sempre lles rebatía as súas denuncias públicas con respecto ás contratacións, argumentando que se cinguían exclusivamente á lei. Isto, cando menos, queda en interdito cando ante a súa denuncia a Fiscalía presenta unha querela por prevaricación continuada e un xuíz admítea a trámite, ó deducir que pode haber conduta presuntamente delituosa nas famosas 104 contratacións que denunciaron. Son respectuosos coa xustiza e o Partido Socialista non é quen xulga, senón que é quen denuncia e pon os feitos en coñecemento dos órganos xudiciais cando teñen probas e denuncian publicamente feitos que veñen observando ó longo dos anos e que se enmascaraban nunha presunta legalidade. Cando todos eran coñecedores (o grupo de goberno, a oposición e a propia sociedade en xeral) dunhas prácticas baixo a aparencia de legalidade, pero que ó seu entender agochaban baixo ese lavado de cara legal, unha forma de contratar cunha clara intención de “premiar” sempre ós mesmos, que non son outros que persoas vinculadas ó Partido Popular. Ademais, este tipo de conduta foi a seguida polos responsables do organismo provincial en materia de persoal, non sendo unha cuestión nova a teor das innumerables denuncias públicas que se foron formulando ó longo dos anos polo seu grupo, condutas nas que se aproveitou o cargo público para continuar con elas. Calquera pode entender que os principios de igualdade, mérito, capacidade ou publicidade nesta casa son, cando menos, discutibles, sobre todo a igualdade de oportunidades, pois non hai ningunha lei da función pública que dea cobertura a que a inmensa maioría da xente seleccionada sexan cargos, familiares directos ou persoas vinculadas activamente ó Partido Popular. Actitudes caciquís que non só non poden compartir senón que van ser obxecto da máis absoluta condena pública da oposición. Está claro que se utilizou ó organismo provincial para manter un estado clientelar político a través das contratacións realizadas e nas que non só non se tería seguido o proceso legalmente establecido, senón que o único que se pretendeu con isto foi conseguir uns fins espurios ós intereses xerais do propio organismo provincial. Estamos ante a punta o iceberg dun entramado caciquil do Partido Popular en Ourense, e desgraciadamente tanto o anterior presidente como o actual (como responsables máximos) e o resto de persoas, deputados, funcionarios, representantes sindicais desta casa (que todos sabemos de onde veñen e quen son) como cooperadores

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 18 de xaneiro de 2013
--

necesarios, pasarán á historia como responsables dunha política de enchufismo caciquil, clientelismo político e nepotismo,. Non nos podemos enganar, o caciquismo non é bo, polo tanto non existe o cacique bo, terminoloxía utilizada polo grupo de goberno para amparar as ditas condutas. Ó longo deses máis de vinte anos hai exemplos de abondo cuxa enumeración sería interminable. Pregúntalle á Presidencia que opinión lle merece que a finais dos anos noventa esta institución tivese un escándalo cunha oposición para cubrir varias prazas de técnicos, nas que casualmente as persoas seleccionadas fosen fillos de deputados ou que tivesen estrita vinculación co Partido Popular, que con motivo dun fallo xudicial tiveron que ser repetidas.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, tamén lle quere da-la benvida ás persoas afectadas polas preferentes que se encontran no salón de sesións e dálles todo o seu apoio e ánimo para que sigan loitando por algo tan xusto como é a defensa dos seus aforros, sobre os que ninguén debe ter lexitimidade para roubar. En canto ó punto da orde do día manifesta que en días pasados o portavoz do PP, D. Plácido Álvarez, dicía que non entendía moi ben qué sentido tiña a petición dunha comisión de investigación, dado que xa estaba un proceso xudicial en marcha. Teñen que dicirlle ó Sr. Álvarez Dobaño que unha cousa son as responsabilidades xudiciais, que determinarán ou non se houbo ilícito penal, e outra ben distinta son as responsabilidades políticas. E é nesta Institución onde corresponde debater sobre o que para o BNG é un xeito deplorable de facer política, que deu en chamarse “*Baltarismo*”, e pedir responsabilidades políticas a aqueles que co seu silencio cómplice ou proactivamente avaliaron este tipo de prácticas durante máis de vinte anos. O xuíz ven de chamar a declarar ó anterior presidente desta Institución, grazas a unha querela da fiscalía presentada con bastante retraso, dito sexa de paso, que ten o seu fundamento nunha denuncia que pon o acento sobre as contratacións realizadas por Baltar no proceso precongresual onde foi elixido o actual presidente desta institución como presidente provincial do PP, congreso que xa denunciara publicamente o daquela contrincante seu, por estar inzado de toda sorte de irregularidades, asumindo, e así consta nas hemerotecas, o propio Jose Luis Baltar, que durante os días previos ó congreso provincial estivera asinando contratos laborais a militantes e compromisarios, contratos que segundo o anterior interventor, carecían dos informes expresos de Intervención e de Secretaría. Convén lembrar que non é a primeira vez que a xustiza alerta a respecto dos procesos de selección,

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 18 de xaneiro de 2013
--

xa que no ano 2003 a Deputación tivo que repetir, por mandato do TSXG o segundo exame dunhas polémicas oposicións, por observar defectos de forma no desenvolvemento das probas. Para o BNG, a imputación do expresidente supón a constatación dun feito, coñecido por todo o mundo, e un torpedo na liña de flotación a un partido que se beneficiou, e segue a beneficiarse, dun xeito lamentable de entender e practica-la política, ó tempo que supón unha labazada ós excesos e abusos cometidos nesta Institución de xeito reiterado, a través dunha política de persoal caciquil e clientelar, na que en vinte anos foron contratadas centos de persoas, sen ningún tipo de garantías procesuais, coa total carencia de informes preceptivos, contratacións que aumentaban de xeito exponencial a medida que se aproximaban os distintos procesos electorais, e tamén da consolidación dun *status quo* onde familias enteiras, parentes, amigos, fillos, axentes electorais, consolidaron ó longo de todos estes anos, os seus postos de traballo, mediante procesos revestidos de legalidade, pero de probada inmoralidade. Aí están, por pór só dous casos, os procesos de 2007 e 2008 nos que consolidaron o seu posto de traballo máis de 400 persoas, a través de procesos de funcionarización, ó tempo que se seguía contratando temporalmente a dúcias de persoas á marxe das listas de contratación para repartir por diversos concellos da provincia. O control que sobre a institución exerceu o entón presidente provincial, apoiado pola maioría de deputados que se sentan na súa fronte, foi de tal calibre que, paralelamente ó incremento desmesurado do persoal temporal e das contratacións, os sindicatos desapareceron da escena deixándolle o camiño despexado ó sindicato vertical, unha asociación de traballadores montada polo propio José Luís Baltar -el mesmo lles pediu persoalmente a sinatura ós empregados para constituí-la- que desde entón é dona e señora da representación laboral, hoxe baixo o paraugas dun sindicato de clase. Nunca transcenderon reivindicacións nin conflitos na institución, como ven de expresa-lo expresidente. Evidentemente, non podía ser doutro xeito, e que durante todos estes anos se acataron e seguen acatándose con disciplina prusiana e resignación cristiá calquera decisión que lles afecte, incluídas as que supoñen a perda de postos de traballo, como está a acontecer co recente ERE. O *Baltarismo* supuxo, e segue a supoñer, a peor maneira de entende-la política que é a que se sustenta no principio do poder polo poder, ó prezo que sexa e a custa de quen sexa. É máis eficaz canto máis sufrimento e desesperación hai na cidadanía, porque se alimenta da necesidade das persoas. Neste sentido, teñen que dicir que o *Baltarismo* non desapareceu coa marcha do

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 18 de xaneiro de 2013
--

seu inventor, senón que segue máis vivo que nunca -iso si, con outras formas- pero segue a ser un instrumento clientelar útil nas mans do Sr. presidente e do Partido Popular. Abonda ver como e de que maneira se ven de face-la contratación de 133 persoas, coa conivencia da Xunta, vulnerando todos e cada un dos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade, así como o de publicidade, por certo, denuncia feita polo BNG no pasado debate dos orzamentos. Entre as 133 persoas beneficiadas por estes contratos atopamos a persoas que teñen unha vinculación directa co PP, edís do PP, esposas e noras de alcaldes ou integrantes das listas municipais populares nalgúns concellos da provincia, etcétera. A única mudanza entre a política de persoal de Baltar pai e a de Baltar fillo é que o fillo cambiou o estilo decimonónico por un con máis *glamour* e cambiou o vello trombón de Baltar pola guitarra rítmica de John Lennon, pero co mesmo selo da casa, o caciquismo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, quere mostrar tamén o apoio do grupo de goberno ós aforradores que hoxe nos acompañan e espera que as vías de solución no futuro se alcancen o máis pronto posible. Manifesta que este Pleno foi convocado grazas a unha evidente xenerosidade democrática do Sr. presidente, porque a proposta é incompleta a todas luces, xa que non fala dos compoñentes da comisión, da duración dos traballos ou do seu obxecto específico. Resulta chocante e non deixa de ser anecdótico que propoñan a investigación dos últimos vinte anos, xa que o Sr. Baltar foi presidente desde xaneiro de 1990. O Grupo Socialista pretende alborota-la vida política desta provincia unha vez máis, pero xa coñecen os réditos electorais deste tipo de actuacións. Con isto parece que intenten tapa-los múltiples problemas internos que teñen e desvialos cara ó PP. O Grupo Popular provincial vai votar en contra da creación da comisión proposta, en primeiro lugar, porque nesta casa sempre houbo e haberá transparencia total e esa é a expresión que define a actuación desta Deputación en todo este tempo. Os grupos da oposición deberían recoñecer publicamente que sempre que se lles facilitou toda a documentación que demandaron, como por exemplo a que lle achegaron á fiscalía para que presentase a querela. Unha comisión de investigación constitúese cando existe negativa a facilitar documentos e información. Non se pode falar de escurantismo en absoluto, xa que se lles responde a tódalas preguntas e permíteselle-lo acceso a tódolos expedientes que solicitan. Pensa que a día de hoxe non hai ningunha pregunta feita pola oposición que estea pendente de resposta, e no ano que leva máis ou menos o Sr. presidente

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 18 de xaneiro de 2013

á fronte da Deputación xa contestou a 226 preguntas, máis que nos dous ou tres últimos anos atrás. Pregúntase por que deciden agora solicitar esta comisión e non o fixeron nunca nos trinta anos anteriores, e pensa que ou ben foi porque non se informaron, porque foron cómplices ou porque lles interesou tapalo. Por esta Deputación pasaron portavoces do Grupo Socialista con altas responsabilidades políticas, por exemplo o actual secretario xeral e nunca presentaron ningunha reclamación; o Sr. exalcalde de Ourense tamén estivo de portavoz e tampouco presentou ningunha. Non quere personalizar neles, porque tódolos deputados estamos aquí para algo. Lembra que en toda a etapa de don José Luís Baltar Pumar só houbo un pronunciamento xudicial en contra que obrigou a repetir unha oposición, pero o motivo foi porque o Sr. presidente, de acordo con tódolos opositores, concedeu un tempo supletorio para realizar un exame, e ese foi o motivo, ningún outro. Quere que quede claro que ningunha das contratacións foi recorrida ou reclamada por ninguén que considerase prexudicados os seus dereitos. Tampouco consta ningunha reclamación das forzas sindicais (nin das criticadas pola oposición nin das outras). Estamos diante dunha denuncia dun grupo político que ten dobre ou triple moral, porque noutros casos opta pola calada por resposta. Lembrémo-lo que pasou coa imputación que se lle fixo recentemente ó Sr. exalcalde de Ourense, o caso dos paneis, o caso que nos ocupa estes días do servizo de recollida de lixo, do servizo de axuda a domicilio na cidade de Ourense, de asuntos de urbanismo ... isto non interesa investigalo. É unha falsidade total a tese que apoia a súa denuncia diante do fiscal de que as contratacións se fixeron para alteralo resultado dun congreso dunha forza política. Nos últimos tempos o Grupo Socialista vive máis preocupado do que pasou no congreso do Partido Popular de hai tres anos que de organiza-los que lles corresponden a eles (o nacional, o galego e o provincial). A querela céntrase en 104 contratacións, todas temporais e cun límite de tres meses, e non na demagogia que se utiliza dicindo que se funcionarizaron unha chea de persoas nesta casa. Desas 104 contratacións, 42 empezaron a traballar antes do 30 de xaneiro de 2010 (data do congreso do PP) e desas só seis eran compromisarios (dun total de 1.212 compromisarios), que representan o 0,49% do total (tampouco se sabe a que candidatura votaron). O Grupo Socialista pode seguir investigando xa que ninguén llo impide e o Grupo Popular, ademais de facilitarlle a investigación, como o está a facer, vai traballar pola provincia e polo seu

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 18 de xaneiro de 2013
--

futuro xa que esa é a responsabilidade que lle deron os cidadáns da provincia, traballando en positivo e non en liortas duns contra outros desprestixiando a clase política.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, parécelle que a intervención do portavoz popular non ten nada que ver co asunto. Lembra que esta denuncia do Partido Socialista ven do ano 2010 cando el non era o portavoz. Pregúntalle ó grupo de goberno se lles parece serio que para seleccionar un técnico de Recursos Europeos, se pida como titulación a licenciatura en Farmacia. Pregúntalles tamén se lles parece normal que a filla do director provincial do INEM, estea cubrindo interinamente (a interinidade debese xustificar por razóns de necesidade e urxencia) dende hai varios anos unha vacante de funcionaria no servizo de Recadación, contravindo a lexislación de funcionarios xa que as prazas cubertas interinamente se deben incluír na primeira oferta pública para cubrirse regulamentariamente, pero non o fan porque son familiares do Partido Popular. Un exemplo de igualdade de oportunidades, se quixesen que iso fose así, sería convoca-la a praza, pero o mantra do PP é “nos acabaremos co desemprego” e é verdade pero co único desemprego co que acaban é co da súa familia política, dende logo este exemplo é paradoxal, porque o responsable do desemprego nesta provincia ten enchufada á súa filla na Deputación. Tamén pregunta que lles parece que, despois de que o Partido Socialista fixera unha rigorosa investigación, descubriran unha cousa moi importante, que de ó redor de novecentos e pico traballadores hai unhas quince persoas nesta casa que non se relacionan co PP, incluíndo as persoas que traballan para os grupos políticos da oposición. Isto quere dicir que o grupo de goberno só traballa para as súas persoas non para a provincia. Para os medios de comunicación, pregunta que lles parece que se convoque unha praza de asesor de comunicación e que non se esixa a licenciatura de periodismo, e o que acabe sendo premiado é o único que non ten esa licenciatura. Nestas 104 contratacións o grupo de goberno, publicamente, deu escusas de mal pagador, dixeron que só 6 persoas foran compromisarias no congreso provincial do PP, e segundo os seus datos no é correcto. Aínda aceptando polbo como animal de compañía, quere que conste en acta a pregunta de se lle poden asegurar neste pleno -xa que non se vai permiti-la comisión de investigación- se os familiares dos outros 98 contratados non eran compromisarios. Despois de todo o dito, pregunta se lles parece normal que forme parte do tribunal da recente selección de persoal para servizos sociais, un funcionario da Xunta que é concelleiro do PP en Castro

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 18 de xaneiro de 2013
--

Caldelas, e que saíse seleccionada a número un do PP nese concello. Pensa que isto é unha vergoña.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que estamos a constatar un xeito de facer política, á parte dos 104 contratos dos que estamos a falar, e reitera que non é nin máis nin menos que un torpedo na liña de flotación do PP e da súa forma de entende-la política. Fálase de transparencia como no caso dos paneis, e si houbo transparencia porque a xustiza sentenciou que non hai culpabilidade. O grupo de goberno hoxe non está en condicións de darlles leccións a outros partidos políticos, pero si están en condicións de dar leccións de cómo se crea unha rede de política clientelar e caciquil, baseándose na compra de vontades. O anterior presidente e o seu grupo de goberno xestionaron durante o seu mandado dous mil millóns de euros (332.722 millóns de pesetas) para manter esa rede clientelar que lle asegurase mante-lo poder, porque non se ven outros avances na provincia. O PP si está en condicións de dicir como se leva unha provincia como Ourense a ser das primeiras en paro e emigración e das últimas en desenvolvemento económico. En 1990 había 351.491 habitantes, hoxe hai 321.000, 30.000 habitantes menos, que, entre outras causas, tiveron que marchar por falta de expectativas laborais, xerando un repunte na emigración nos últimos anos. As previsións futuras do INE son que o 40,5% da poboación en Ourense terá máis de 65 anos en 2020, e haberá 18.000 menos que hoxe. No canto de pórse do lado dos cidadáns, póñense do lado dos especuladores e da banca privada. Hoxe nesta casa estamos vendo outro exemplo, nesta lexislatura xa se viviron dous episodios bochornosos que foron presenciados polos cidadáns, un foi a canteira de Castrelo de Miño, outro foi os afectados das preferentes, cando o BNG trouxo aquí unha moción na que se pedía o apoio a esa situación. En todo caso, o PP utiliza apunta coa táctica do ventilador, que consiste en trasladarlle á cidadanía a idea de que todos somos iguais, pero non todos somos iguais, porque algúns non teñen nada que agochar. O PP faría ben en dispara-los seus dardos contra os que desde o seu propio partido están afiando a gadaña para segarlle a herba (a rebarbadora que diría o expresidente). Os mesmos que se valeron das súas prácticas caciquís e clientelares para perpetuarse no poder e agora, cando saben que a súa maioría non periga, pretenden axustar contas e cobrar vellas facturas. Aqueles que xustificaron os mil e un abusos que se cometeron nesta provincia e que noutroa se gababan de que os fillos de boa familia (do PP, claro) eran máis listos ca os demais e por iso

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 18 de xaneiro de 2013
--

aprobaban máis, ou aqueloutros que como o actual presidente da Xunta (o Sr. Feijóo) daban as grazas a Baltar polo traballo en prol das maiorías do PP, ou aqueles que como no caso do Sr. presidente Rajoy chegaron a afirmar con total rotundidade que Baltar era o PP. O disparate no que se acabou convertendo a esta Institución foi de tal envergadura durante todos estes anos, que, mentres o anterior presidente se autoproclamaba “cacique bo” (que é o mesmo que dicir círculo cadrado) os ourensáns e ourensás eramos obxecto de todo tipo de burlas e mofa no resto do Estado, cada vez que transcendían á opinión pública episodios como o das cadeiras quentes, os 33 porteiros do Simeón para atender 2 portas, que no centro ecuestre de Xinzo había máis empregados que cabalos (17 para 15) ou episodios máis recentes como a investigación da OLAF por presunto fraude nas axudas, por citar tan só algúns exemplos. É certo que durante todos estes anos conviviron varios elementos necesarios para este cocktail: un primeiro elemento, a existencia dunha procesión de caladiños, que nunca se atreveron a cuestionar o que se facía, porque lles ía ben e se beneficiaban persoalmente das vantaxes que supoñía pertencer ó séquito ou club (que non camarilla) de Baltar. Aquí dáse un perfecto tipo quid pro quo, unha maraña política da que xa falou. Para finalizar di que as comisións de investigación deben ser algo natural e non se entenden como un xuízo paralelo, senón como un exercicio de transparencia democrática e pregunta, se tan convencidos están da transparencia en tódalas contratacións por que non se permite a comisión de investigación, xa que sería unha forma de deixar impoluta a imaxe do predecesor do actual presidente (e pai). Non pode argumentar que non se acepta a comisión de investigación porque a documentación estaba aí para quen quixera vela, porque precisamente ese é un dos motivos principais nos que se basea a fiscalía.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ó Sr. Rodríguez Puga que pode utilizar tranquilamente a palabra camarilla, porque sabe que ten boa fe. Pensa que deberíamos empezar por sabe-lo que é unha comisión de investigación. Investigar é examina-los expedientes e eses expedientes estiveron a disposición da oposición en todo momento para poder investigalos. Pide que se deixe de facer demagogia. Di que non vai entrar (nin como representante do seu grupo nin de xeito particular) no de “e ti máis”, pero xa que a oposición pon exemplos pide que se lle permita poñer algún tamén. O Grupo Popular non pon en dúbida o mérito e a capacidade das cousas que se fan nos concellos onde goberna a oposición. Entre os gobernos feitos á presa (para que non governe

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 18 de xaneiro de 2013
--

quen gaña as eleccións) cita un concello onde se rompeu o pacto e o seu alcalde dixo textualmente: *incongruente que el PSOE lleve a Baltar a la fiscalía por 120 contratos ilegales en la Diputación y ellos contraten a 33 en un ayuntamiento de 3.000*. Nunha circular interna dun importante sindicato dise: *ya que hemos instado a la administración socialista que nosotros somos como ellos* (referíndose ó reparto de postos de traballo). Nunha vila importante desta provincia, o 2 de xaneiro de 2006 un alcalde dita unha resolución contratando a 35 persoas e o vinte e tantos de decembro do mesmo ano fíxoos a todos indefinidos (non dubida do mérito e da capacidade pero non sabe onde está a publicidade). O BNG e o PP levan a pleno unha proposta para declarar lesivo o acordo para os intereses municipais e ata o día de hoxe non hai ningunha resolución. En 2009, antes das eleccións autonómicas, o actual secretario xeral socialista fixo un plan de emprego cuns sete millóns de euros con filtros en cada provincia que teñen nome e apelidos, e dicíase “*a fulanito ni agua*”. Non quere falar do Consorcio Galego de Servizos Sociais ous das garderías coñecidas como Galiñas Azuis, como tampouco quere falar de, entre outras, a política de persoal da Deputación de Lugo. Reitera que van votar en contra da moción por ser extemporánea e porque hai que respecta-la presunción de inocencia xa que o Sr. Baltar non está imputado, aínda o pode estar, pero aquí xa se ditou sentenza. Hai que darlle tempo á xustiza e esperar ó que se dite, porque noutra ocasión fretaban as mans con fiscalía anticorrupción e ó final non foi nada. Manifesta que o grupo de goberno non oculta nada e os membros do Partido Popular non son parvos nin os seus fillos nin os seus familiares.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que parece que van ter que ir ó programa da televisión “Sálvame” para poder debater. Fai a seguinte conta: 1.800 traballadores en tres anos, 1.100 millóns de pesetas, 366 por ano, por vinte e dous anos, 8.052 traballadores. Pode asegurar que os membros do PP non son parvos senón que son demasiado listos. En canto á documentación di que hai moita que non teñen e moita á que non poden chegar. Pon un exemplo claro, ó seu entender, de cómo se fan as cousas na Deputación, houbo unha presentación de solicitudes para un concurso oposición libre para dúas prazas de condutor de obras públicas de vehículos especiais, que remataba o 03.01.2011. O día 2 de febreiro exclúese a unha persoa en resolución asinada por José Luís Baltar e por José Eugenio Galindo como secretario do tribunal. Con data 07.07.2011 publícase a lista de admitidos e excluídos onde aparece esa persoa por non te-lo carné C-E.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 18 de xaneiro de 2013
--

A dita persoa presenta unha reclamación que foi admitida, e todo isto ata aquí é un procedemento correcto. Pero a eles cónstalles que o carné C.E desta persoa ten data do 01.03.2011, feito que o Grupo Socialista considera moi grave, polo que se non queren crear unha comisión de investigación pide que dean as explicacións políticas oportunas, e se non queren debatelo politicamente haberá que poñelo en coñecemento das autoridades xudiciais. Teñen coñecemento de ducias de casos como este e se isto é certo pide a dimisión de todo o grupo de goberno, xa que a responsabilidade non é só dos funcionarios e non se pode culpar ó Grupo Socialista de ser culpable de que o grupo de goberno enchufe á xente. O grupo de goberno é o que ten tódalas responsabilidades políticas e se tivesen vergoña estarían todos na casa.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que sempre se lles deu resposta a tódalas preguntas dos grupos da oposición, o acceso ós expedientes está máis que garantido e os grupos políticos non poden dicir en ningún momento que se lles negou esa posibilidade. A Deputación de Ourense séntese afectada polas manifestacións e declaracións que se fixeron estes días e que todos coñecen. Anuncia que se van emprender accións de tipo legal (penais ou civís) en defensa do honor e da integridade desta institución á que todos témo-la obriga de defender.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, pide a palabra para unha cuestión de procedemento, e solicita, baseándose no artigo 76 da Lei de bases de réxime local, artigo 21 do ROF, e 28 da Lei de procedemento administrativo, a abstención na votación daqueles membros da Corporación que ou ben teñan interese persoal no asunto como os que teñan unha relación de parentesco, ben de consanguinidade ou de afinidade, con persoas contratadas nesta Deputación nos derradeiros vinte anos, xa que en caso contrario poderían incorrer en responsabilidade e porque entenden que á parte de non estar lexitimados desde o punto de vista ético, a lexislación así o establece. En todo caso pide que informe o Sr. secretario sobre esta cuestión, xa que se non se fai así poderíamos estar ante un acordo invalidante. Por último e en relación co que dixo o Sr. presidente de emprender accións de tipo legal (penais ou civís) di que os poden levar a onde queiran.

O **Sr. secretario** entende que o que se acaba de expoñer é un incidente de recusación no que se refire á abstención dos deputados A abstención é de motu proprio e neste caso é recusación porque se insta desde fóra, e conforme co artigo 28 existe un deber

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 18 de xaneiro de 2013
--

de abstención tanto dos funcionarios como dos deputados no caso de adopción de acordos que afecten directamente ós seus intereses. Este tipo de cuestións trátanse como incidentes do procedemento. Formúlase o incidente de recusación e a persoa obxecto desta recusación ten que manifestar se se abstén ou non por ter interese directo no asunto. Entende que habería que concreta-lo asunto, que neste caso é a creación dunha comisión de investigación, e os señores deputados saberán se teñen ou non un interese particular neste asunto. Insiste en que é o recusado o que ten que determinar se considera ou non que está incurso nesa causa.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, que obtén o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), polo que queda rexeitada a creación da comisión de investigación.

E, ás 12:50 horas do citado día dezoito de xaneiro do ano dous mil trece, o Sr. presidente deu por rematada a sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,